

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA DE LUGO PODERÁN COLABORAR O LUNS 25 NA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE DOAZÓNS DE SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) visitará o vindeiro luns 25 de maio o edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo. A unidade móbil da Axencia estará estacionada, das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas, na ronda da Muralla (Porta de San Fernando) para facilitar o acceso á doazón de todos os traballadores e traballadoras, pero tamén de toda a veciñanza lucense.

A ADOS comezou a visitar o edificio administrativo da Xunta de Galicia desde o ano 2004, obtendo un total de 1.367 doazóns de sangue no transcurso destas campañas de doazón desenvolvidas ininterrompidamente cada ano durante máis de dúas décadas.